

ENTROIDO 2014
MUSEO ETNOLÓXICO. RIBADAVIA. OURENSE

“DETRÁS DA MÁSCARA”

Demetrio Monteagudo González



Móstrase un percorrido de máis de vinte anos de fotógrafo polos Entroidos máis singulares de Galicia. A primeira vez que Demetrio foi a Laza corría o ano 1981 e algo prendeu nel para que seguira ata hoxe perseguindo estas mostras culturais e sociais que comparten moitos países.

Entroidos protagonizados por personaxes que teñen nomes tan estraños que hai que pronuncialos para poder adentrarse neste territorio pagán. Uns máis coñecidos, peliqueiros, boteiros, felos e outros sorprendentes como as Bonitas de Sande, en Cartelle, a Patumada de Fornelos de Filloás en Viana do Bolo, o Zarramanculleiro de Cualedro, as Mázcara da Xironda tamén en Cualedro ou o Oso de Salcedo, en Pobra de Brollón.

Hai moitas teorías sobre a orixe e a simboloxía destes Entroidos. O autor comparte a que vencella esta festa ao despertar da terra despois do inverno. Chocas que chaman á terra, o oso que sae do seu tobo, paseos e bailes polas terras para fertilizalas antes da sementeira... ritos pagáns que a igrexa perseguía, que o franquismo prohibiu pero que se seguen recuperando. Un patrimonio inmaterial da cultura galega con similitudes noutros países europeos.

Rita Alonso Pérez

Ribadavia Museo Etnolóxico.Ribadavia.Ourense Local Social «Igrexa da Madalena».

Do 14 de marzo ao 20 de abril de 2014

Horario: Martes a venres de 11,30 a 13,30 h e de 17 a 19 h

Sábados e domingos de 12 a 14 h

Luns e festivos pechado

Entroido 2014
Detrás da Máscara
Demetrio Monteagudo González




Vigo 1952

A afección á fotografía espertóuselle no ano 1973. Data dende a cal mantén coa fotografía unha relación autodidacta, intermitente e bipolar que se pode permitir pola súa condición de afeccionado.

Ten obra publicada na Gran Enciclopedia Gallega (a partir do tomo 19), na revista Río (2000-2004), así como ten colaborado en publicidade empresarial.

Mostrou a súa obra en varias exposicións, entre outras: no Centro Goianés (Goián, 1984), na Asociación Cultural «Eliseo Alonso», na Casa do Libro (Vigo, 2013) ou no Centro Goianés (Goián, 2013).

É membro da Asociación Fotográfica Galega (Phosgalicia). Mantén unha galería en Internet ([flickr.com/photos/deгатin/](https://www.flickr.com/photos/deгатin/)) onde mostra as súas fotografías.



Colaboran:

